



ACTA Nº 2021/3
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- Telemática. Aplicación ZOOM., martes 16 de marzo de 2021 -

No día de hoxe, ás 20:03 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

- 1. Proposta da Alcaldía relativa á: Compensación/contra-prestación gastos de piscina. Liquidación Ano 2 (Cláusula 16 PCAP). EXPEDIENTE Nº: 2017/C004/000007.**

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día xoves 11 de marzo de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

- 2. Proposta da Alcaldía relativa á: Compensación/contra-prestación gastos de piscina. Liquidación Ano 2 (Cláusula 16 PCAP). EXPEDIENTE Nº: 2017/C004/000007.**

Considerando a seguinte:



“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Compensación/contra-prestación gastos de piscina. Liquidación Ano 2 (Cláusula 16 PCAP).
EXPEDIENTE Nº: 2017/C004/000007

Considerando o informe de fiscalización emitido pola Sra Interventora, en data 3 de marzo de 2021, que conclúe:

“(…) RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.

- Devolución do expediente ó departamento de orixe.
- Fiscalizado de conformidade.
- Fiscalizado de conformidade condicionada.
- Fiscalizado de conformidade xeral con salvedades
- Fiscalizado de desconformidade

CONCLUSIÓNS.

Devolución do expediente para subsanación de erros e/ ou aportación dos documentos omitidos.

Procede a tramitación do expediente e aprobación do gasto coas observacións realizadas.

Sen efectos suspensivos(por non concorrer os requisitos esixido no artigo 216), aínda que coa recomendación de subsana – los reparos antes de somete-lo expediente a aprobación, se puideran ser subsanables; respecto ós non subsanables a recomendación é que non sexan reiterados en expedientes futuros.

Suspensión da tramitación do expediente e da execución dos gastos ata que os reparos sexan solventados ou sexa resolta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas por reparo e procede a tramitación do expediente en relación cas demais facturas.

*Se o órgano ó que afectan os reparos ou observacións non estivera de acordo cos mesmos corresponderá ó **Pleno da Corporación a resolución da discrepancia prantexada** (artigo 217.1 do RDL 2/2004).*

ANEXO: OBSERVACIONES

En primeiro lugar sinalar que o presente informe trata de recompilar datos e seguir as pautas adoptadas no primeiro ano de liquidación da xestión da piscina sen prexuízo dos cambios de criterio ou de decisión que adopte o órgano de control e decisión.

Temos que partir de que estamos ante unha figura de difícil comprobación como é a xestión interesada como xa se puxo de manifesto no momento da elección da mesma e soamente o control exhaustivo mediante unha persoa no seo da instalación pode garantir a certeza dos datos que se toman en consideración para esta toma de decisión, no seu defecto soamente se pode operar con presuncións de veracidade da documentación presentada e nos informes a posteriori dos distintos servizos municipais.

A Intervención Municipal non é órgano competente para o exame e comprobación de contabilidade empresarial polo que me limito a facer apreciacións do observado no expediente, solicitando en temas que exceden do meu ámbito de actuación á asistencia da Deputación da Coruña sen prexuízo de que o órgano competente para decidir solicite auditoría privada ou análise económico da contabilidade da empresa. Consideracións:

1. *En relación ós **ingresos** o PCAP recolle a necesidade de someter á aprobación do concello os modelos xustificativos de pagamento e os acreditativos do pagamento das tarifas. Como xa se sinalou anteriormente a certeza dos ingresos neste tipo de xestión é imposible salvo recadador*



municipal polo que soamente podemos dar por certos as declaracións e comunicacións do empresario que sinala como tales:

- Entradas
 - Venda de material
 - Matrículas, abonos e cursos.
- Nesta apartado sinalar como anomalías:
- Non se están a ingresar apartados como o de publicidade estática.
 - Non se perciben ingresos das máquinas expendedoras por acordos de mínimos coa empresa subministradora.

Ascenden segundo se detalla na memoria explicativa a **176.571,76€**. Posto que a liquidación se fai ata o 9 de outubro do 2020 o adxudicatario opta por prorratear os ingresos (remesa, abonos etc) entre os días de prestación do servizo o que se somete a consideración.

2. En relación a los gastos:
 - a) Sinalar en relación ós gastos que é difícil acreditación en todos os gastos a determinación de que os mesmos sexan realizados na piscina de Cee dado que si non se trata dun subministro directo (luz, auga...) é a declaración do interesado o único elemento de xuízo que temos para a súa acreditación (aprovisionamentos...) Nalgúns casos (luz, auga...) é de fácil comprobación a dirección do subministro pero noutros casos é imposible dilucidar si a prestación ten como destinatario final a piscina de Cee o que supón una presunción de veracidade dos datos que aporta o adxudicatario sen posibilidade algunha de constatar a información. Asemade se realizan imputacións proporcionais en determinados gastos (xestoría etc) posto que existen varios centros de traballo descoñecendo esta Intervención a veracidade da mesma.
 - b) O resume dos gastos son os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE XUSTIFICADO
APROVISIONAMENTO	3.589,15	3.589,15
PERSOAL	178.021,50	177.790,29
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	80.168,71€	79.868,19
AMORTIZACIÓN INMOVILIZADO	15.305,34	15.305,34
GASTOS FINANCEIROS	3.001,63€	2.082,44
TOTAL	280.086,33	278.635,41

- **GASTOS DE APROVISIONAMENTO:**
 - a) O listado contable dos gastos de material deportivo da piscina sinala un importe total de 2.261,45€ .
 - b) traballos por 1.327,70€
Todos están debidamente xustificadas.
- **GASTOS DE PERSOAL** remítome ó informe de persoal. Neste punto salienta que o xerente inclúe na súa nómina a cota de autónomo como retribución en especie que non se contemplaba no prego e que foi sometido á consideración no pleno da primeira xustificación. O informe de persoal no o sinala como anomalía.
- **OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN.**
 - a) Reparación e conservación: o listado contable sinala un importe de 9.017,53€.
 - b) Servizos de profesionais independentes contablemente se sinala un gasto de 6.055,39€
 - c) Transportes: 58€



- d) Primas de seguros sinala un importe de 4.092,44€
- e) Servizos bancarios sinalan un importe de 1.341,40€ dos que están xustificadas 1.316,40 €.
- f) Os gastos de publicidade da piscina supoñen un gasto de 534,59€
- g) Os gastos de gasóleo ascenden a 28.163,08€
- h) Os gastos de auga ascenden a 4.119,40€
- i) Teléfono ascenden a 624,14€
- j) Os gastos de luz ascenden a 16.028,08€ debidamente acreditados.
- k) Os gastos de oficina ascenden a 1.866,72€
- l) Outros gastos da piscina ascenden a 8.267,94€. De este importe hai que descontar segundo criterio desta Intervención 118,08€ (30+161,16+30) relativos a habitacións e factura de terceiro distinto do adxudicatario. Asemade non se presentan xustificantes por importe de 55+102,44€ relacionados no estadillo contable. Polo que o importe resultante sería 7.992,42€

- **AMORTIZACIÓN**

En relación á amortización realizada polo adxudicatario sinalar que a realizada non se axusta á táboa sinalada polo Ministerio de Facenda para a fixación dos criterios de amortización en función da vida útil do ben. Consultada á Deputación da Coruña ante o carácter privado deste tipo de gasto pon de manifesto as diferencias entre o amortizado na xustificación do gasto e o amortizado segundo o criterio de facenda. No exercicio anterior o Pleno da Corporación admitiu o criterio de amortización do adxudicatario en base ós anos de prestación do servizo polo que se continúa nesta liña.

- **GASTOS FINANCIEROS**

O adxudicatario presenta como gastos financeiros relativos a préstamos e liñas de crédito se entenden incluídas no gasto habitual de xestión da actividade. No exercicio anterior os gastos de aval requirido polo Concello no expediente de contratación entendeuse non indemnizable polo seu carácter de gasto previo ó exercicio da actividade e que non debería ser tido en conta como gasto de xestión senón necesario para a licitación como poderían ser os gastos de xestión no procedemento de licitación, gastos de publicidade, compulsas, notariais etc polo que o importe deste apartado non se tivo en conta. O adxudicatario presenta no presente exercicio os gastos de mantemento do mesmo. Esta Intervención entende que se trata de gastos previos á contratación e o mantemento do mesmo con carácter anual non deixa de ser unha esixencia da entidade co que contrata o adxudicatario e non imputable ó servizo senón á contratación. O total ascendería sen o aval 2.082,44€

Tralo exame do prego de condicións que serviu como base da licitación se pon de manifesto unha serie de defectos/fallas ou anomalías que deben ser obxecto de valoración polo órgano competente para decidir ós efectos de determinación tralos informes oportunos dos procedementos para sancionar/subsanar ou paliar ós mesmos. A saber:

- O adxudicatario segundo o prego debe solicitar autorización do concello para:
 - Autorización expresa para calquera actividade ou servizo non incluído na xestión. Considerar se as novas adquisicións deben ou non ser obxecto de autorización previa. Ver parágrafos posteriores.

Existen algúns aspectos de difícil consideración posto que o prego non detalla a fórmula de actuación e que deben someterse a consideración:

1. En relación á inversión realizada. O adxudicatario segue a adquirir bens de inversións entendo que baixo o seu punto de vista el considera adecuados ou necesarios para a boa execución da prestación. O órgano competente para decidir debería determinar o alcance, medio de control



ou autonomía do adxudicatario posto que este elemento forma parte dos gastos que asume o concello e repercute no gasto que o mesmo vai realizar.

Polo exposto anteriormente a criterio desta Intervención se considera xustificado sen prexuízo das consideracións realizadas nos parágrafos anteriores:

Ingresos por importe de 176.571,76€

Gastos por importe de 278.635,41€

O que daría un resultado de -102.063,65€

*Polo exposto o límite máximo a satisfacer en compensación pola perda obtida non pode exceder de **80.000€***

O presente informe pretende sentar as bases previas a toma de decisións que sexa máis acorde coa legalidade e coas regras que rexeron a contratación. Partindo da premisa que esta Intervención considera que no presente expediente existe un alto grado de incerteza e de presunción de veracidade que imposibilitan unha fiscalización correcta e que a fórmula de xestión elixida sen os métodos de seguimento oportunos non garante con total fiabilidade o destino dos fondos públicos a necesidade de dar cumprimento ás obrigas contraídas co adxudicatario do servizo así como o principio de non enriquecemento inxusto da administración que recibiu o servizo dan lugar a necesidade de valorar cos datos, instrumentos e medios o noso alcance a contraprestación a satisfacer ó adxudicatario. Polo exposto e sen prexuízo das consideracións realizadas con motivo da contratación da xestión do servizo e no presente informe debo salientar:

- A necesidade dun maior control dos ingresos e gastos do servizo mediante comprobacións periódicas dos distintas premisas que conforman os ingresos e gastos.*
- A necesidade de subministro de información puntual polo adxudicatario.*
- A necesidade de regular as actividades/ ingresos para a correlación debida dos mesmos segundo acordo plenario.*
- A adopción das medidas que se estimen necesarias derivadas dos incumprimentos que se poidan derivar do expediente.”*

Vistos os requirimentos formulados a VIRAXES SL e a documentación presentada.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Acordar a Compensación/contra-prestación gastos de piscina- Liquidación Ano 2 (Cláusula 16 PCAP) pola contía de **80.000 €**, de conformidade co informe de fiscalización transcrito no expositivo do presente acordo.

SEGUNDO.- De conformidade coa Cláusula 25 do PCAP, segundo a cal o Concello reservase a facultade de ditar disposicións encamiñadas a maior efectividade, procédese a **reiterar** as seguintes **DISPOSICIÓNS OBRIGATORIAS** para o adxudicatario:

- A) Deberá solicitar previa autorización ao Concello, cando pretenda adquirir e renovar elementos necesarios para a explotación da instalación, que posteriormente vaian ser imputables os Gastos derivados da explotación na Memoria Económica.*
- B) Deberá solicitar autorización expresa para calquera actividade ou servizo non incluído na xestión interesada do servizo de piscina municipal e outras actividades deportivas.*

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados con indicación expresa de que, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES ou ben impugnala directamente



perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados ambos os dous prazos dende o día seguinte a súa notificación.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE, IXCee e Grupo Mixto e 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa xa coñecen a proposta, consta ditame favorable da comisión, algunha intervención?

Sr Domínguez García: decir con respecto a esto da piscina que dice a interventora no seu informe que soamente podemos operar con presunción de veracidade, non puidemos comprobar que os datos que nos dan si son certos ou mentira, xa lle dixen nunha ocasión e fíxome caso por exemplo os carnets para poder entrar na piscina que sexa do concello que os vales dos que se usan diariamente igual para que o concelal de deportes ou o funcionario encargado de cultura e deportes pase e comprobe que os que entren están pagando o carnet, faltaría comprobar o da mercancía que venden ali na tenda que tamén se pode comprobar e logo respecto os gastos eu creo que é mais fácil porque normalmente son ordinarios que se teñen que realizar todos os anos practicamente os mesmos, persoal, electricidade gasoleo e si hai un gasto extraordinario teñen que comunicalo o concello lle pido que para o ano non teñamos un informe da interventora igual que este, que sepamos os números, non podemos dicir mañan que nos engañan os concesionarios, un goberno non pode estar engañado senon teno que deixar si esa piscina si fose propiedade sua ou do goberno o informe da interventora ía ser outro, creo que esto é unha deixadez do goberno e que non pode volver a pasar outra vez, non vamos criticar mais o prego, pero con este prego inda non sendo bo, temos que comprobar e non pasar esto.

Sra. Alcaldesa: el informe de intervención es favorable con observaciones pero favorable, con respecto a los ingresos se está haciendo por el técnico de deportes todas las, cada 15 días recopilando todos los datos, con una documentación sellada por el concello, en relacion a los ingresos hay que tener en cuenta la situación durante este año por la Covid, respecto a los gastos, intervención establece los debidamente justificados 278635,41 euros y teniendo en cuenta los ingresos de 176571,76 euros nos encontramos un déficit de 102064,71 euros, por lo tanto la obligación del concello es abonar los 80000 que es la cantidad limite que tiene la gestión interesada conforme fue aprobado en su día.

Sr Domínguez García: eu non dixen en ningún momento que o informe da interventora fose desfavorable so que di: *temos que partir dunha figura de difícil comprobación como é a xestión interesada como xa se puxo de manifesto no momento de elección da mesma, e soamente o control exhaustivo mediante unha persoa na instalación pode ter a certeza dos datos, no seu defecto so se pode operar de presuncións de veracidade.* A xestión interesada, si hai que pagar e si houbera beneficios repartiríamos pero neste caso si partimos de presuncións temos que cernos os datos que o mellor son reais, si os cremos teremos que pagar 80000 toda vida, so digo que se poden comprobar todos os datos

Sra alcaldesa: se están realizando las comprobaciones correspondientes por parte del técnico de deportes, puede venir a comprobar y mirar la documentación correspondiente de los ingresos que declararon por la empresa, reitero este año sabe perfectamente que la piscina estuvo cerrada durante mucho periodo de tiempo.



Sr Domínguez García: non discuto a cantidade, discuto que vamos pagar , vamos pagar os 80000 e non sabemos si as contas estan ben ou mal so digo eso e espero que non pase para o próximo ano, e eu digolle como creo que se poden facer as cousas para que non pase esto.

Sra alcaldesa: le vuelvo a reiterar porque usted reitera de manera continua, puede venir a examinar al concello la documental aportada por la empresa para comprobar los ingresos y documentación acreditativa por el técnico de deportes.

Sr Domínguez García: me chega o informe da interventora non quero mais datos, e mais que suficiente para saber que é un acto de fe, que é fe?, crer no que non vivimos.

Sr Domínguez Louro: este tema xa foi moi debatido no anterior mandato antes de tomar a decisión de que esta formula de explotación...fallo de conexión....co cal agora hai que abonar eses 80000 euros e punto eso non ten volta atrás o que si quería que me aclararan un par de puntos, un os gastos de persoal e outros gastos de explotación son practicamente, o importe xustificado coincide co importe solicitado, unha diferenza de 30 euros e outros de 300, porque esa pouca diferenza?

Sra Interventora: no te escuché muy bien, relacionabas los gastos de personal?

Sra alcaldesa: si

Sra Interventora: los gastos de personal fueron comprobados por la persona encargada de llevar la gestión de recursos humanos del concello, vi la documentación, leí su informe y me surgió esa misma duda, volvió a comprobar los datos y la conclusión que extrajo si es cierto que me dijo que habia comprobado nómina a nómina y que había examinado exactamente no solo los contratos sino las nominas y los tc para comprobar las cantidades del gerente que eran las que había sufragado a los trabajadores, me extraño que fuese una cantidad similar al año pasado, estando tanto tiempo cerrado y teniendo constancia de que había varios trabajadores en erte, lo que me comentó la responsable de personal es que durante los meses en los que la piscina estuvo funcionado se había ampliado jornadas contrato a mas personal porque el nivel de volumen de la piscina requería mas gente, mas socorristas mas tal, entonces era mas elevado esos meses que función y compensó lo del año pasado que a persar que computamos 12 meses no fueron tampoco 12 meses que se contrató a personal por octubre, noviembre, diciembre y enero del año pasado no hubo personal contratado solo alguno de mantenimiento se empezó con los contratos en febrero entonces al final las cantidades por lo que me explicó eran similares a las de este año.

Sr Domínguez Louro: casi teño que darlle as gracias a ese empresario por perder os 22000 euros....fallo de conexión....

Sr Hermida: nada , nada.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 8 votos a favor dos grupos políticos PSOE, IXCee e Grupo Mixto e 5 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA.

- 2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Suplemento de Crédito Nº 1/2021 pola contía de 175.984,88 €. Expediente Nº 2021/T002/000006.**

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 11 de marzo de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Suplemento de Crédito Nº 1/2021. Expediente Nº 2021/T002/000006.



Considerando a seguinte Proposta da Alcaldía, modificada no seno da Comisión, posto que do PAM só se inclúen as obras de Rúa do Sacramento e Obra de drenaxe no rego da Cabaleriza:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Inicial Suplemento de Crédito Nº 1/2021.

EXPEDIENTE Nº: 2021/T002/000006

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, á vista do resultado da liquidación do orzamento municipal para 2020, e vista a Memoria Xustificativa do Suplemento de Crédito que obra no expediente, e considerando que o Orzamento para o exercicio 2020 prorrogado para 2021, non existe crédito suficiente para acomete-los gastos cuxa cobertura se pretende, e visto que obra o Informe de Intervención en sentido favorable con salvedades.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO ao PLENO da CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 1/2021, e en consecuencia, destinar **175.984,88€** do remanente para gastos xerais a incrementar as seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
151/624	73.000€	Elementos de transporte
920/227.06	50.000	Traballos técnicos.
151/619.21	52.984,88	Plan de Actuación Municipal.
TOTAL	175.984,88€	

SEGUNDO.- Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Sométese á votación a proposta modificada e transcrita e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: conforme se propuso en la comisión correspondiente sería para la compra de un vehículo, pavimentación rúa Campo Sacramento, Cabaleriza que tenemos la carretera cortada y servicios y trabajos técnicos como la cartografía necesaria para el PXOM, direcciones de obras, alguna intervención?



Sr Domínguez Louro: reiterar o que dixen o outro día na comisión, nos últimos cinco anos se demostrou que para consensuar obras se está a altura e é capaz de consensualas logo das conversas pertinentes co cal para min para o Bng foi un erro que se presentase desta maneira sin ter antes entablado conversacións coa oposición e deixar que a cuestión que todos os demais puidésemos acordar e dar ideas, en calquera caso na comisión que houbo unha proposta de emenda co cal esperemos que se manteña o dito o falado e que eses cartos que non se van gastar porque non se van aprobar esas 3 obras das 7 que estaban presentadas que se convoque esa comisión e poidamos acordar en canto as presentadas reiterar tamén que estamos a favor da compra do vehículo o porque o parque móbil do concello de cee está obsoleto e é necesario melloralo, ese vehículo pode resultar polivalente para varias funcións e reiteramos tamén que a maneira de facer as cousas en canto a cartografía do PXOM si nos metemos a el é con todas as consecuencias e votamos a favor, no tema da Cabaleriza da ponte hai que actuar nela para que esa vía volva a ser servible en canto a Rúa do Campo do Sacramento, sorprendentemente está peor do que parecía co cal estamos totalmente a favor de mellorar esa capa de rodadura únicamente pedir que si hai aí algunha canalización de pluviais e residuais que estea mezclada ou algúnha mellora nese aspecto que se teña en conta para que iso sexa duradeiro no tempo e non teñamos que volver sobre ela en breve, polo resto nada mais votamos a favor da proposta rectificada.

Sra alcaldesa simplemente Sr Dominguez Louro recordar que en la comisión correspondiente usted solo se pronunció a favor de la compra del vehículo y servicios de trabajos técnicos posteriormente modificó, cambió el criterio de votación después de escuchar al Pp y Ciudadanos que iban a votar a favor de la propuesta de las obras dejando sobre la mesa dos obras, pista de acceso a Cee por la fábrica de Brens igualmente proyectado de hormigón en el talud existente en dicha pista, considero que son obras de urgencia, me he comprometido a petición del portavoz del Pp hablar con Xeal para ver si podrían aportar económicamente, pongo de manifiesto la reunión el martes por la mañana a los efectos de si quieren colaborar económicamente con ello, y de forma urgente lo voy a traer nuevamente porque considero que esa obra es de urgencia porque el talud tiene desprendimientos y me veré obligada a cortar la carretera, las obras que se traían eran necesarias y urgentes, teniendo en cuenta que esto es un suplemento de crédito una vez aprobado tiene que estar publicado en boletín correspondiente, redactar los proyectos, sacarlos a licitación y ejecutarlos en este año, es cierto que existen mas obras que son sumamente urgentes pero ya manifesté en la comisión que se iba a traer un nuevo suplemento de crédito y que se iba consensuar con la oposición las obras que consideremos pertinentes en el momento que intervención me indique que puedo traer el nuevo suplemento de crédito no poniendo en riesgo la capacidad económica del concello.

Sr Domínguez Louro: unha puntualización a súa interpretación do que pasou na comisión, a realidade é que eu propuxen as obras que houbese unha comisión inmediatamente posterior a esa para tratar de sacar unha proposta de obras na súa totalidade, dixen tamén e estará recollido na acta nos había algunha coas que coincidiamos pero queriamos sacar o PAM enteiro para adiante, unha vez que os oureia grupos están a favorfallo son....non iamos votar en contra porque non tería ningún sentido esas duas obras acabo de xustificar o porque do voto positivo do Bng co cal nada mais en calquera caso eu tamén coincidía con que o tema da vía dirección muros, a xunta é quen ten que facelo....fallo de son....e a vía que usa Xeal evidentemente paréceme necesario falar con eles independentemente que se consiga algo ou non co cal eu simplemente fixen unha proposta e se tomou a medias co cal non pasa nada por volver a explicar e votar a favor con esas obras que coincidimos sin ningún xénero de dudas.



Sra alcalesa: solamente respecto al talud y competencia de la xunta informar nuevamente que volví a llamar telefónicamente y me vuelven a contestar que ellos no van acometer ni colaborar economicamente para la reparación de ese talud, eso fue lo que me contestaron hoy nuevamente por teléfono, si no quieren colaborar economicamente con ese talud con independencia que se lo pueda requerir por escrito con el informe correspondiente es evidente que el gobierno tiene que acometer esa obra y ya lo manifesté en la comisión sin perjuicio de solicitar la subvención correspondiente a nivel estatal por el desprendimiento derivado de la borrasca Karine, que podíamos recuperar para el año que viene cuando salgan en enero el 50% de dicha obra con independencia de la ayuda que pueda aportar Xeal que la comunicaré cuando tenga conocimiento de ello.

Sr Domínguez Louro: o Bng non se vai opor a que esa obra vaia para adiante porque sabemos da súa necesidade en perigo que conleva que sexa así, creo que xa Vde acaba de dar na clave mais aló das chamadas hai que xustificar debidamente.....fallo son....se non quere como é deles son eles quen a ten que coidar si non somos capaces asistiríamos unha vez mais a como a Xunta non asume as súas competencias si é así teremos que facelo pero tamén denunciar así con todas as letras de que a Xunta non asume as suas competencias porque a comarcal 550 é titularidade da Xunta de Galicia.

Sr Domínguez García: si me permite creo que a Xunta non hai que pedir que colabore nin que deixe de colaborar simplemente hai que comunicarlle a conselleira que a súa carretera está correndo o risco de desmoronarse por alí abaixo e punto, que ten que reparalo non hai volta de folla, está en perigo a súa propia carretera non a de nadie mais, xa non é cuestión de colabore ou non colabore ten que facelo e punto.

Sra alcaldesa: le digo lo que me contestaron, se va hacer el requerimiento con el informe correspondiente a la Xunta, simplemente es, evidentemente me he puesto en contacto telefonicamente en varias ocasiones que van a volver a consultar y hablar con los ingenieros y hoy me contestaron lo mismo que es una competencia municipal y no de ellos, se hará el informe correspondiente y la solicitud correspondiente pero yo no puedo estar esperando por la Xunta, seis o siete meses teniendo desprendimientos, o corto la carretera o tomo otras medidas, no puede estar ese talud así con independencia de la reclamación que haga correspondiente, y ya le estoy diciendo se va hablar con Xeal y la opción de solicitar la subvención, con independencia de la reclamación que hagamos a la Xunta, creo que es más importante no correr riesgos, ni accidente en ese tramo concreto dada la situación en la que está.

Sr Domínguez García: está nas súas mans e a alcaldesa, si ten que cortar a calle corte a calle non hai que asumir riesgos.

Sr Hermida: más nada que vamos votar a favor e sempre que sexa para obras e de melloras e principalmente de urxencia sempre terá o voto favorable.

-----VOTACIÓN-----
Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes á sesión plenaria.

Ás 20:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán